

## MOCIÓN PARA IMPULSAR MEDIDAS A PROL DO SECTOR APÍCOLA



Antom Fente Parada, voceiro do Grupo Municipal **Por Chantada-CUP**, presento ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do Regulamento Orgánico Municipal e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **para impulsar medidas a prol do sector apícola.**

E en aras de suscitar a unanimidade fundaméntase na seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A apicultura foi historicamente unha actividade pecuaria economicamente relevante na sociedade tradicional galega e as abellas eran xeridas nas colmeas tradicionais (covos, trobos ou cortizos), que foron predominantes na nosa nación até a década de oitenta e distribuídas en moitas vivendas do rural galego dentro da economía de subsistencia, subministrando mel e cera. Ao anterior, podemos engadir elementos patrimoniais ligados á apicultura, como as alvarizas, lacenas e lagares de cera.

Alén diso, na nosa comarca, Benigno Ledo García (Santa Eulalia de Adá, 1897–1959), o cura das abellas, defendeu xa no I Congreso de Economía Galega, celebrado en Lugo a comezos do século XX, o mel como un sector de futuro para o país do Faro de, impulsárense as medidas certas que, coma tantas veces outras na nosa historia, non encontraron unha clase gobernante á altura dos intelectuais galegos.

Na actualidade, a apicultura é unha actividade social e economicamente relevante na Galiza, xa que o sector conta con máis de 160.000 colmeas en 4.000 explotacións diferentes e unha dinámica de crecemento, máis de 70.000 colmeas nos últimos anos. No entanto, consérvase un

tamaño medio das explotacións moi pequeno e con pouca profesionalización, mantendo o cerne de actividade complementar.

Este sector, cun potencial inmenso na nosa comarca, confronta varias problemáticas sen unha intervención eficiente por parte da Administración. Desde a década oitenta custosos tratamentos son precisos para combater o ácaro da varroa (*Varroa destructor*), ao que desde fai uns anos debemos engadir a invasión da *Vespa velutina*. Cómpre incidir na escasa investigación pública e uns métodos non selectivos na loita contra esta nova ameaza, que mesmo está provocando danos a especies autóctonas coma o abábano (*Vespa crabro*).

Outro problema sitúase xa non na produción, mais na comercialización. As importacións de baixa calidade aumentan ao ritmo dunha regulación da etiquetaxe que non detalla cal é o país de orixe. Nas últimas décadas as importacións duplicaron no Estado, atinxindo xa as 30.000 toneladas anuais. Fundamentalmente desde Arxentina e China entra mel de baixa calidade ou, moitas veces, adulterado, permitindo a normativa etiquetar meles con menos 1% de mel procedente da Unión europea como mistura de meles orixinarios e non orixinarios da UE, o que, evidentemente, ao noso xuízo, é unha estafa ao consumidor e un fraude a un sector que, na Galiza, desenvolve un papel imprescindible.

Por estas cuestións, a Asociación Galega de Apicultura (AGA) e o Sindicato Labrego Galego (SLG) co lema “En defensa do noso mel, por un sector apícola rendíbel e sustentábel” concentráronse recentemente en Compostela reclamando solucións ás administracións públicas para unha etiquetaxe clara.

Cómpre lembrar que o consumo de mel galego só ten aspectos positivos: favorece a economía local, fixa poboación no rural, provoca menores impactos ambientais derivados da importación desde longas distancias e é indispensable para o mantemento da biodiversidade e da produción agraria pola polinización das abellas.

En base do exposto propomos ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Instar á Xunta e ao Goberno central a desenvolver unha lexislación e unha etiquetaxe para que as persoas consumidoras teñan garantías da procedencia do mel que consumen.**
- 2.- Instar á Xunta a promover campañas para divulgar e informar sobre os beneficios do consumo de mel galego e o selo *Mel da Galiza*.**